

SOCISER[®]

sociedade e servizos



**Dossier profesional
de servizos á comunidade**

facilitando a vida das persoas



SOCISER[®]
sociedade e servizos



SOCISER[®]

sociedade e servizos

Dossier profesional de servizos á comunidade

- 01** Sociser, o valor da especialización
- 02** Axuda no fogar
- 03** Alimentación especializada e comida a domicilio
- 04** Dinámicas de envellecemento activo
- 05** Servizos residenciais
- 06** Infancia, menores e familia
- 07** A formación, onde se precise



**“busca permanente
de respostas profissionalizadas
às novas necessidades sociais”**

01

SOCISER, O VALOR DA ESPECIALIZACIÓN

Grupo Sociser

+27
anos de experiencia

+200
concellos de Galicia

+400
profesionais

+2.750
beneficiarios

Son xa máis de 27 anos os que avalan a solvencia de Sociser na prestación profesional de servizos á comunidade, unha sólida traxectoria que dota á compañía galega dun alto grao de especialización nos servizos dirixidos ás persoas maiores e/ou dependentes, á infancia, ás familias e á formación.

Así e ao longo destas case tres décadas, Sociser mantivo un activo papel na busca permanente de respostas profesionalizadas ás novas necesidades sociais, ampliando paulatinamente a súa carteira de servizos ata converterse na primeira entidade con capacidade plena para cubrir a totalidade do Catálogo Galego de Servizos Sociais.

Hoxe en día, a compañía desenvolve múltiples proxectos en preto de 200 concellos galegos, cun equipo de máis de 400 profesionais que proporciona diariamente atención especializada a máis de 2.750 persoas.



**“un valor engadido
que ten como obxectivo último
a mellora global da calidade de vida”**

Servizos profesionais de atención á dependencia

Coa aprobación en 2006 da denominada “Lei de Dependencia” aséntase o sistema de protección para as persoas dependentes, que segue a ser desenvolvido a través de distintas normas legais cara a unha mellor integración das medidas que lles proporcionen o apoio que precisan na súa vida cotiá.

Atopámonos pois ante un cambio substancial no marco de actuación: o recoñecemento de dereitos con garantía de asistencia profesional. A atención ás persoas con algún tipo de dependencia non sempre pode ser asumida en exclusividade polas familias e é neste contexto onde cobra toda a súa importancia a prestación de servizos específicos subministrados por profesionais e dotados de recursos especializados.

Son precisamente a profesionalidade e a especialización os valores que, xunto ao enfoque integral e a recoñecida calidade dos seus servizos, converten a Sociser nunha garantía na atención á dependen-

cia, non só na axuda no fogar, senón tamén no conxunto de programas complementarios de carácter asistencial.

O enfoque integral que caracteriza a Sociser permítelles aos seus clientes recibir, dende unha única entidade, resposta profesionalizada a todo un amplo abano de servizos, o que facilita non só a prestación especializada de cada un deles, senón tamén a xeración de sinerxías entre os diversos plans de actuación que se desenvolven nun mesmo ámbito territorial e unha mellor interlocución das administracións ou entidades prestadoras cos beneficiarios finais e as súas familias.

Porque lonxe de concibir a súa actividade como unha mera execución de tarefas concretas, Sociser confírelle a todos os seus servizos un valor engadido que ten como obxectivo último a mellora global da calidade de vida dos usuarios e das súas familias. Porque esta é, en definitiva, a súa razón de ser: facilitarlle a vida ás persoas.



**“maiores nos seus
domicilios en condicións
óptimas de vida”**

02

AXUDA NO FOGAR

Sociser concibe a axuda no fogar como un servizo de especial relevancia á hora tanto de promover a autonomía persoal das persoas maiores e/ou dependentes como de acadar a súa permanencia no seu propio contorno, evitando así o seu desarraigo e incrementando tanto a súa calidade de vida como a das súas familias.

A compañía non basea polo tanto a súa actuación unicamente nun servizo de respiro familiar ou de realización de tarefas concretas senón que asume, dende o enfoque integral que caracteriza a súa actividade, o seu papel de coidador principal mellorando, no seu conxunto, a vida cotiá dos usuarios e dos seus.

Dende esta perspectiva e consciente da crecente necesidade dunha maior e mellor atención domiciliaria, a compañía reforzou nos últimos anos este servizo con novos programas de actuación, incrementando tanto os medios humanos como materiais co obxectivo último de universalizar o seu servizo en todo o territorio galego e dar resposta así tanto á Lei de Dependencia como aos propios SAF municipais.

- Atención e coidado persoal
- Tarefas domésticas
- Acompañamento
- Atención continuada e urxencias
- Teleasistencia
- Tempo libre e lecer
- Asesoramento nas xestións administrativas
- Coordinación de servizos ...

culinaria

culinaria



03

ALIMENTACIÓN ESPECIALIZADA E COMIDA A DOMICILIO

Sociser dispón dun pioneiro servizo de alimentación especializada, deseñado para atender as necesidades nutricionais específicas das persoas maiores e/ou dependentes. Así, a compañía proporciona unha cociña saudable, equilibrada e adaptada tanto aos diferentes tipos de dieta que requiren os nosos usuarios e usuarias como ás súas preferencias e tradicións culinarias.

A compañía non só pensa nos beneficiarios que viven sos, senón tamén nas familias que teñen maiores ao seu cargo. Trátase polo tanto dun servizo complementario ao SAF e dun recurso de apoio tamén para aqueles fogares que debido á actividade laboral non dispoñen do tempo suficiente ás horas das comidas para preparar os menús diarios dos seus maiores.

Así mesmo, Sociser presta o seu servizo de alimentación especializada naqueles proxectos que, impulsados tanto dende a esfera pública como da privada, empregan o encontro gastronómico como ferramenta para desenvolver distintas iniciativas de convivencia.

- Servizos de comida a domicilio
- Programas institucionais
- Comedores colectivos
- Centros residenciais
- Xantares solidarios
- Comidas de convivencia
- Encontros en datas sinaladas...



Cociña tradicional, saudable, equilibrada e adaptada

Culinaria é a cociña central de Sociser. Nela elabóranse os menús que serve a compañía a través de Xerocatering, a **división encargada do servizo de alimentación especializada para persoas maiores e/ou dependentes**. Todos os pratos son preparados sempre a partir dunha receita propia da nosa cultura gastronómica, avalada por unha ficha técnica que está valorada nutricionalmente polo equipo de Nutrición e Calidade da compañía.

Culinaria emprega sempre produtos de primeira calidade, de orixe galega e amparados por selos de garantía e controis sanitarios moi estritos, o que lle permite ofrecer unha cociña tradicional de mercado, saudable e equilibrada, que garante altos estándares de calidade. Actualmente a compañía dispón de menús con máis de 300 especialidades diferentes, que inclúen todo tipo de pratos adaptados para dietas especiais.

Dez vantaxes do servizo de alimentación a domicilio

1. **Aforro de tempo nas tarefas asignadas á auxiliar** de atención no fogar, o que permite unha maior optimización da súa dedicación e unha diminución do custe do servizo.
2. **Eliminación do risco físico de accidentes** para os beneficiarios na utilización de electrodomésticos e na manipulación dos alimentos.
3. **Dietas equilibradas e saudables** os sete días da semana, os **365 días do ano**.
4. Posibilidade de **dietas especiais** segundo patoloxías.
5. Aumento do **control dietético do usuario** ou usuaria.
6. Consecución dun **estado nutricional adecuado**.
7. Garantía de que o beneficiario realiza, como mínimo, unha **comida equilibrada** ao día.
8. Total **seguridade alimentaria** nos procesos de elaboración, distribución e consumo.
9. **Aumento das inquietudes e autocoidados** dietético-nutricionais por parte dos usuarios e usuarias.
10. Apoio á **conciliación** da vida familiar.



**“un sentido positivo
à vida dos maiores
no seu día a día”**

04

DINÁMICAS DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO

En Sociser trabállase dende o convencemento de que o proceso de envellecemento debe ser entendido como **un ciclo máis de crecemento persoal**, concepción que permite aos nosos maiores desenvolver todo o seu potencial de benestar físico, emocional e social, ralentizando os procesos de dependencia e preservando ou mesmo mellorando a súa calidade de vida.

No marco desta clara aposta polo envellecemento activo, Sociser desenvolve **un amplo abano de programas específicos** que pivotan sobre un triplio eixo de actuación: **o ocio e o tempo libre, a prevención e a recuperación funcional e o ocio**.

Trátase de incrementar a independencia das persoas maiores, si, pero tamén de acadar a súa **óptima integración social**. Porque, seguramente, o reto pasa agora por abrir a vellez á sociedade, por favorecer a participación activa dos nosos maiores e por **poñer en valor a súa achega** en todos os ámbitos sociais.

- Programas de **animación terapéutica**
- Programas de **formación** adaptados
- Programas específicos de **prevención** e sensibilización
- Programas de **recuperación** funcional

Ocio e tempo libre

Son moitas as dinámicas activas que desenvolve Sociser para mellorar e reforzar a seguridade persoal das persoas maiores e as súas interaccións persoais e sociais. Neste sentido, a compañía mantén unha busca permanente de novas formas de lecer que favorezan o desenvolvemento dunha vida saudable, participativa e segura, tanto dende o punto de vista físico como psicolóxico e social.

Programas de animación terapéutica

Actividades de animación preventivas do envellecemento patolóxico.

- Socioculturais
- Manualidades e artesanía
- Técnicas de recursos motrices e expresión corporal
- Expresión corporal e artística
- Dinámicas de grupo
- Musicoterapia, risoterapia...
- Relaxación ...

Programas de formación adaptados

Actividades de formación coas que se pretende que as persoas maiores sexan axentes activos no mantemento da súa autonomía e da súa interrelación social.

- Preparación para a xubilación
- Alfabetización de adultos
- Acceso aos novos medios dixitais
- Voluntariado activo ...

Prevenção e recuperación funcional

A prevención e a recuperación funcional son os outros dous eixos que Sociser considera fundamentais á hora de abordar os procesos de envellecemento e/ou dependencia.

Por iso, a compañía desenvolve, por unha banda, actividades específicas de recuperación funcional nos que incorpora tratamentos non só rehabilitadores senón tamén preventivos e, por outra, programas de prevención e sensibilización (en formatos de xornadas técnicas, monográficos ou ciclos de conferencias) sobre temáticas específicas que facilitan pautas preventivas e de acción ante realidades concretas, contribuíndo a mellorar a intervención no día a día e, con isto, a calidade de vida de usuarios e familias.


Programas de recuperación funcional

Tratamentos e actividades rehabilitadoras e preventivas

- Xerontoximnasia
- Talleres de memoria
- Intervención no deterioro cognitivo
- Deporte adaptado ...

Programas específicos de prevención e sensibilización

- Promoción da saúde
- Orientación cara ao autocoidado
- Prevención da dependencia
- Dietética e nutrición saudables
- Prevención de riscos no fogar
- Demencias e Alzheimer...



**“universalizar os servizos
en todo o territorio
da nosa comunidade”**

05

SERVIZOS RESIDENCIAIS CENTRO DE DÍA

Ademais da prestación profesional de servizos sociais, Sociser dispón tamén de recursos residenciais especializados no coidado xerontolóxico e á dependencia, como é o caso da Residencia de Maiores de Vila de Cruces, onde desenvolve programas específicos de atención e promoción da autonomía e presta servizos de proximidade ao conxunto da comunidade.

Instalacións dispoñibles

- Cociña e comedor
- Ximnasio xerontolóxico
- Salas de convivencia
- Lavandería
- Despachos sociais e sanitarios
- Salón de perruquería e estética
- Habitacións individuais e dobres con baño adaptado
- Habitacións de coidados especiais e de psicoxeriatria
- Enfermaría e farmacia
- Baños xeriátricos
- Local social e capela
- Xardíns xerontolóxicos

Programas específicos

- Psicoxeriatria e coidados especiais
- Estimulación da memoria e recuperación funcional
- Formación para familiares coidadores de enfermos de Alzheimer e outras demencias
- Animación sociocultural e de lecer, tempo libre e voluntariado
- Fomento da autonomía e a autoestima
- Intercambio interxeracional
- Terapia ocupacional

Servizos de proximidade

- Aloxamento e manutención
- Servizo de atención de Día
- Fisioterapia e ximnasia xerontolóxica
- Atención médica, social e de enfermaría
- Terapia ocupacional
- Servizo de atención psicolóxica
- Estancias temporais



**“resposta às novas
necessidades de ocio
e tempo libre”**

06

INFANCIA, MENORES E FAMILIA

Sempre dende o enfoque integral co que desenvolve a súa actividade, Sociser concibe os **servizos sociais cunha visión global** que non limita o seu servizo única e exclusivamente á atención a maiores e dependentes, senón que tamén asume a necesidade de prestar idéntico **apoio ás familias**, fundamentalmente no ámbito local, por ser este o seu contorno máis inmediato.

Neste contexto cobra especial relevancia o **Proxecto Aldebarán**, a través do que a compañía desenvolve diferentes **programas de actuación enfocados aos menores e ás familias** no marco dun plan socioeducativo máis amplo onde se procura a conciliación de traballo, familia e formación, ao tempo que se da resposta ás novas necesidades de ocio e tempo libre.



Programa de actividades de información e asesoramento xuvenil

Plans específicos adaptados **segundo a idade** dos destinatarios.

- Educación para a saúde
- Comunicación e conflictividade
- Promoción da igualdade
- Integración de colectivos específicos
- Orientación e asesoramento de formación
- Saídas profesionais e inserción laboral ...

Programas para colectivos específicos

Plans **adaptados ás necesidades** de distintos colectivos sociais.

- Integración de colectivos inmigrantes
- Integración de colectivos étnicos
- Alfabetización en linguas propias
- Orientación e asesoramento laboral ...

Programas de ocio interxeracional

Programación de actividades de **cooperación, interacción e intercambio** entre persoas de distintas xeracións (nenos / avós / adolescentes...).

**“programas específicos de formación
que recollen as esixencias
da lexislación vixente”**



07

A FORMACIÓN, ONDE SE PRECISE

Sociser entende a formación como unha **ferramenta de carácter transversal** que permite dar resposta ás necesidades específicas dos distintos colectivos sociais, facilitando a súa inserción ou mellora laboral e, con isto, a súa integración social.

Para iso e **a través de Coesco** (a división da compañía especializada en formación), desenvolve **proxectos formativos adaptados** tanto ás necesidades de **cada colectivo e de cada administración ou entidade** prestadora, como ás novas esixencias dos mercados. De igual xeito, implementa **itinerarios formativos** encamiñados á obtención dos distintos **certificados de profesionalidade**.

E, dando resposta ás novas necesidades emerxidas no ámbito dos servizos á comunidade, Sociser desenvolve tamén programas específicos de formación que recollen as esixencias da lexislación vixente e que afondan na **profesionalización** das persoas encargadas de prestalos.

E o fai como **centro homologado**, cun **sistema de calidade** implantado e **auditado** que vén avalado polo grao de satisfacción e resultados obtidos polas **máis de 20.000 persoas formadas**, e coa **capacidade de impartir formación adaptada alí onde se precise**: en centros **proprios** ou a través de **aulas itinerantes**.

Proxectos e itinerarios formativos para

- O emprego
- Colectivos en activo
- A obtención de certificados de profesionalidade
- A cualificación de novos perfís profesionais...

Formación específica no ámbito dos servizos á comunidade

- Formación especializada a profesionais e institucións
- Formación de formadores e orientadores
- formación de monitores e cuidadores
- Escola de tempo libre: monitores, animadores,...
- Formación en nutrición
- Formación en elaboración na industria alimentaria...



SOCISER[®]
sociedade e servizos

902 104 900

Facilitando a vida ás persoas

Rúa Emilio Alonso Paz, 10
36540 **Silleda** (Pontevedra)

www.sociser.org • socyser@sociser.org

